



# XXII CERTAME DE TEATRO ESCOLAR E AFECCIONADO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA



Deputación  
DA CORUÑA

## BASES

**Primeira.** O Certame de Teatro Escolar e Afeccionado da Deputación da Coruña na súa XXII Edición estará organizado polo IES Calvo Sotelo, centro dependente da propia Deputación da Coruña. Trátase dun certame do eido provincial aínda que está permitida a presentación de grupos, compañías e centros educativos que non pertencen á provincia da Coruña. Así mesmo, e previo estudo de viabilidade, poderán presentarse grupos e compañías de fóra de Galiza. As obras presentadas poderán pertencer a calquera xénero teatral.

As compañías, grupos e centros educativos non poderán presentar a concurso as mesmas obras do ano anterior.

**Segunda.** As obras representaranse de luns a sábado durante os meses de abril, maio e xuño en horario de tarde, respectando en todo momento o calendario oficial e escolar do 2019.

O deseño do calendario correrá a cargo da organización e realizarase unha vez remate o prazo de inscrición. Intentarase, na medida do posible, facilitar aos grupos, centros e compañías representar as obras nas datas propostas, mais sempre respectando a igualdade de condicións entre todos os grupos e as compañías participantes.

Para favorecer o desenvolvemento do certame delimitarase temporalmente o desenvolvemento da programación de cada unha das categorías.

**Terceira.** As compañías e os grupos poderán presentar obras nas dúas linguas cooficiais de Galiza, sendo a lingua vehicular de difusión e xestión do Certame a lingua galega.

**Cuarta.** Todas as representacións realizaranse no salón de actos do IES Calvo Sotelo. Recomendamos consultar o rider técnico na páxina web do IES para coñecer as características técnicas do espazo.

**Quinta.** O prazo de inscrición remata o día 6 de Marzo de 2019.

**Sexta.** A inscrición realizarase en formato dixital, desde o seguinte enlace web: [www.iescalvosotelo.com](http://www.iescalvosotelo.com). Todas aquelas compañías, centros educativos ou grupos que presenten máis dunha obra deberán cubrir unha ficha de inscrición por cada unha delas.

**Sétima.** O pagamento dos dereitos de autor/a correrá a cargo dos centros educativos, grupos ou compañías, quedando a organización eximida desta obriga polas presentes bases. Na ficha de inscrición facilitamos folla da SGAE e enlaces de información ao respecto. Puntualizar que aquelas obras que requiran a reprodución de obras musicais que xeneren dereitos de autor tamén correrán a cargo das compañías, grupos e centros educativos.

**Oitava.** Todos os grupos, compañías e centros educativos deberán facilitar á organización o documento oficial de autorización de imaxe do Certame no que se especifique a autorización, de ser o caso, para a captación, inclusión e reprodución de imaxes que inclúa unha listaxe dos actores, actrices e equipo técnico. Nese documento deberán especificar o consentimento tanto dos titores ou titoras legais -no caso dos/as menores- como o consentimento, de ser o caso, dos actores, actrices e equipo técnico maiores de idade.

**Novena.** Os labores de carga e descarga, montaxe e desmontaxe correrán a cargo dos grupos e compañías.

**Décima.** Os centros, compañías e grupos deberán presentar un contrarider no caso de que o backline e medios técnicos do IES non sexan suficientes para levar a cabo o espectáculo. As necesidades técnicas non cubertas polo backline do Centro deberán ser cubertas polos grupos, compañías ou centros educativos cos seus propios medios.

**Décimo primeira.** O xurado estará formado por persoas con formación e experiencia nas áreas da literatura, a interpretación, a dirección e as artes escénicas. Conformarase un xurado específico cun mínimo de dúas persoas compoñentes en cada categoría.

**Décimo segunda.** O certame estará regulado por 5 categorías:

- Benxamín (educación infantil e 1º e 2º de Primaria).
- Infantil (3º, 4º, 5º e 6º de Primaria).
- Cadete (alumnos e alumnas da ESO).
- Xuvenil (de 16 a 25 anos).
- Senior (grupos e compañías de teatro afeccionado).

**Décimo terceira.** Os premios por cada unha das categorías serán os seguintes:

***Mellor Obra***

- Primeiro, 300€ + estatuíña.
- Segundo, 250€ + estatuíña.
- Terceiro, 200€ + estatuíña.
- Cuarto, 150€ + estatuíña.
- Quinto, 100€ + estatuíña.
- Do sexto ao décimo: 50€.

***Mellor Actuación: 100€ + estatuíña***

***Mellor Actuación Reparto: 100€ + estatuíña***

***Mellor Dirección Artística (vestiario e escenografía): 100€ + estatuíña***

Entregaranse diplomas de participación para todos os actores e actrices, e diplomas de actuación destacada ós/ás seleccionados/as polo xurado.

A gala de clausura e entrega de premios realizarase no Teatro Colón.

**Décimo cuarta.** A inscrición no presente certame suporá a aceptación de todas as bases recollidas nesta convocatoria.

**Décimo quinta.** Para calquera dúbida, aclaración ou consulta contactar coa coordinación do certame nos seguintes contactos:

981 252 600 / 650 783 527 ou residencia.calvosotelo@dacoruna.gal

O horario de atención telefónica será os días lectivos no IES Calvo Sotelo de:  
Luns a xoves en horario de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00.  
Venres de 10:00 a 13:00 e de 15:00 a 17:00.